

A ASAMBLEA DO BLOQUE

Manuel Herminio Iglesias

Unha frase que para min resume o que aconteceu na assemblea extraordinaria do BNG podería ser: ***Que todo cambie para que todo siga igual.*** Boeno igual de todo non, dado que nesta macro xuntanza quedaron esbozadas con suma claridade as dúas liñas políticas que deseguro voltarán a medirse en vindeiras asembleas. Polo que eu quito como única conclusión a de que, no Bloque, os problemas aplazaróñse ate dentro de dous anos e medio. Ou sexa, para despois das próximas municipais, onde se dará o verdadeiro debate entre as dúas liñas que afloraron neste cónclave asembleario.

Outra cousa que quedou clara é a de asumir responsabilidades, pois, de agora en adiante, o asunto vai a trocar e non valerán xogos florais para fuxir á hora de rendir contas diante os militantes da organización, dado que o BNG, ou se se quere a Frente quedou sintetizada, aínda que con matices, a dúas formas de vela e entendela. O grupo gañador, liderado pola UPG que trae ecos na foniatría que recordan á época de Bautista Alvarez, e a postura de MAIS BNG que, segundo a liña marcada por Quintana antes da derrota electoral, e agora por Aymerich e o PNG que busca novas formas para dar o salto a outros sectores do conxunto da sociedade galega; que máis apertura e non condearse ao marxinalismo radical que nos levará inexorablemente cara o testimonialismo electoral e político.

Hai uns anos un membro do BNG afín a corrente gañadora dicíame: ***Nós temos un proxecto para o país, se este non nos entende non é culpa nosa.*** E eu recollo a frase de Carlos Aymerich: ***Nós temos o país na nosa cabeza, pero o país non nos ten a nós.*** Dúas maneiras distintas de ver o país, a forma de actuar; dúas formas de entender o nacionalismo e de ver a organización.

O Bloque nunha assemblea democrática marcou a liña política e escolleu aos seus dirixentes. Eu supoño que, aínda que con diferencias de criterio, todos traballarán pola unidade e polo éxito electoral. E cando toque, xa falaremos da estapa que empezou e da que rematou. Pois, fríamente, hai que falar de Quintana, do cainismo que de vez en cando aflora na organización e carga contra quen foi líder, como se nos sobrasen os líderes, e das resaponsabilidades doutros membros da organización que sempre se esfuman á hora dos malos resultados. Xa sei que eso, ate agora, era unha táctica que funcionaba moi ben. En fin, que no BNG empeza outra andaina a que eu lle desexo éxito, pois Galiza sin esta organización política sería, a día de hoxe, unha terra menos dona dos seus destinos e máis esquecida polo poder do Estado. Pero eso non quita que, cando chegue o momento de evaluar os resultados, cada quen asuma a parte de éxito ou

de fracaso que lle corresponde. Como ten que ser e, ate agora, non foi. E dende xa todos a traballar polo país que eso é o que esperan de nós milleiros de galegos.